

Memoria e infancia

Atendemos, desde hai anos e con especial interese e atención, ás propostas narrativas do autor limiao Antón Riveiro Coello quen, a estas alturas, ofrece xa un estimábel e sólido percorrido bibliográfico como demostran, nos últimos anos, *A quinta de Saler* (1998), co Couto Mixto como vital pano de fondo; *Animalia* (1999) un mosaico cheo de dobres sentidos; *As rulas de Bakunin* (2000), impresionante e áxil cadro da nosa historia máis recente, *Homónima* (2001), unha reconstrución dun personaxe fuxido no ano 36 ou, mesmo, a nada convencional guía de viaxes *Cartafol do Barbanza* (2002) onde se inclúen orixinais relatos..., propostas todas elas marcadas por unha vontade interna de retroalimen-

Arredor de Casas baratas


RAMÓN
NICOLÁS

ha colección de relatos autónomos e estreitamente cohesionados polo coprotagonismo da voz narradora, ou coma se se tratase dunha auténtica novela que presenta un avance cronolóxico progresivo, coa presenza de personaxes e dun universo xeográfico e emocional que lle confiren unidade; fóra do feliz lugar común na súa obra como é o ricaz e vizoso tratamento lingüístico que neles sempre amosa.

Deste xeito, neste *Casas baratas* o autor aborda, con axeitadas doses de sensibilidade e amenidade, un tema de non doado manexo como é a recreación, maioritariamente biográfica polo que parece, de feitos e personaxes que poboaron a súa infancia e a súa mocidade. Mais esta visión confesional, con todo o que posúa de ficción, que interese pode ter para o lector? Sen dúbida moito. Alén das anécdotas puntuais que aquí se revelan, alén do exercicio de esculca nos máis agochados e privados recantos do pasado do autor, *Casas baratas* constrúe ou reconstrúe moi polo miúdo, cunha prosa cromática enveixábel, un espazo vivencial como é o de Xinzó de Limia como xa fixera, por outra parte, co relato titulado “Idaciano F.C.” que no seu día incluíra na colectánea narrativa *Materia prima* (2002) ou na súa novela *A historia de Chicho Antela* (1997); mais ao tempo trae para a acordanza dun xeito fiel as vivencias, os costumes, a música..., dos finais dos sesenta e comezos dos anos setenta.

Así pois, esa saudosa-mais nunca cursidosa-, evocación da infancia, que tampouco está exenta de cicatrices vitais, capta moi axilmente a atención do lector a través desas pequenas cápsulas que son os relatos, nos que se move Riveiro con destacada soltura como amosan a estudada estrutura, o ritmo interior que os domina e a conclusión, as máis das veces dominada por unha resolución irónica, humorística ou amarga en ocasións. Relatos, pois, alicerzados grazas ao artellamento dunha galería de personaxes configurados na súa xusta medida –os pais do protagonista, un tolo, un enterrador poeta, un conserxe furón, xentes do común que alentan nesas *Casas baratas...*-, e un monllo de situacións que beben na memoria, cheas de forza reveladora para retratar un tempo, un lugar, unha vida que agora é compartida e que se transmite con emoción e indiscutíbel eficacia.

RIVEIRO COELLO,
Antón, Casas baratas,
Galaxia, Vigo, 2005, 204
páxinas



tación ou autorreferencialidade continua que exhibe desde a recreación de lugares próximos na querencia autorial –O Barbanza, Cuba, Culleredo, Xinzó...- até un tratamento extraordinariamente coidadoso no que se refire ás estruturas que gobernan estes textos. Neste sentido, o libro que nos ocupa, pode lerse tanto como un-

UN MONLLO
DE
SITUACIÓNS
CHEAS DE
FORZA
REVELADORA